

Resolución do 3 de outubro de 2023 do tribunal designado por Resolución do 18 de xullo de 2023 publicado no DOG número 142 do 27 de xullo para cualificar o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante orde do 19 de abril de 2023 (DOG número 86, do 5 de maio)

Con data 3 de outubro de 2023, este tribunal publicou a resolución da mesma data na que fixo públicos diferentes acordos xunto coas listaxes de cualificacións do primeiro e segundo exercicio.

En relación ao anexo I desa resolución, das cualificacións da primeira proba correspondente a proba de coñecementos foron publicadas as cualificacións empregando a **fórmula ponderada** á nota de corte establecida e publicada previamente (resolución do 18 de setembro de 2023 : https://agasp.xunta.gal/sites/w_agasp/files/procesos/2023/09/resolucion18setembroacordotribunal1e2exercicio_1.pdf) por este tribunal, indicando que serán chamados a realización da terceira proba, as 300 persoas aspirantes que resulten aprobadas con mellor cualificación na proba de coñecementos e sempre que superasen a proba de coñecementos da lingua galega, ou acreditasen a exención da realización da mesma.

Unha vez realizada a corrección automática e anónima das follas de respostas, a nota de corte situase en 6,13 puntos, e a listaxe de cualificacións previamente publicada corresponde con esa ponderación.

Como anexo a esta resolución e complemento da resolución anterior da mesma data, publícanse as cualificacións provisionais da primeira proba deste proceso selectivo, realizada no recinto feiral de Silleda o pasado día, 23 de setembro de 2023, conforme a formula establecida na convocatoria e tendo en conta a cualificación de cero a dez puntos, xunto coa cualificación ponderada.

Pontevedra, 3 de outubro de 2023
A Presidenta do Tribunal
Paula Cajaraville Leiro

